

## RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DE 15 DE XANEIRO DE 2024

### **1. ASISTENCIA AO PLENO.** Referencia: **2024/00001213V.**

[Aprobación de actas de sesións anteriores.]

Acórdase aprobar as actas correspondentes ás seguintes sesións da Xunta de Goberno local do 28, 29 e 30 de decembro e do 8 de xaneiro.

### **2. LICENZAS DE OBRA.** Referencia: **2023/00020136S.**

[Licenza obra maior para a reforma de baixo para ampliación de vivenda existente na planta 1ª na finca sita na rúa Casas do Vento 1ª]

Acórdase conceder licenza para o proxecto básico redactado polo arquitecto Eugenio Torreira Páis presentado o 21/04/2023 e documentación do 30/08/2023, 13/09/2023 e 01/12/2023, cun orzamento de execución material de 36.300,00 € para ampliación de vivenda existente na planta 1ª na finca sita na rúa Casas do Vento 1A Santiago de Compostela.

### **3. LICENZAS DE OBRA.** Referencia: **2023/00053479P.**

[Licenza obra licenza para a mellora da habitabilidade do edificio de vivendas con colocación de SATE en fachada no inmovible situado na Avenida de Quiroga Palacios, 14]

Acórdase conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme ao proxecto técnico redactado pola arquitecta Susana Dosil Núñez presentado na data 15/05/2023, cun orzamento de execución material de 4.575,00 €, a mellora da habitabilidade do edificio de vivendas con colocación de SATE en fachada no inmovible situado na Avenida de Quiroga Palacios, 14 Santiago de Compostela.

### **4. LICENZAS DE OBRA.** Referencia: **2023/00031000T.**

[Licenza obra maior de renovacion de cuberta do edificio sito na rúa de Altamira 3]

Acórdase conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico e de execución redactado polo arquitecto Jorge Barata Martínez, presentado o 12/07/2023 con documentación complementaria de data 25/10/2023, cun orzamento de execución material de 48.287,46 €, a renovación de cuberta do edificio sito na rúa de Altamira, 3 Santiago de Compostela.

### **5. LICENZAS DE OBRA.** Referencia: **2024/00001134F.**

[Modificación licenza obra a rehabilitación de cuberta da edificación principal, demolición de edificación auxiliar existente e construción de nova edificación auxiliar, no edificio sito na rúa de San Lourenzo, 48]

Acórdase conceder a modificación da licenza concedida por acordo da Xunta de Goberno Local do 13 de marzo de 2023, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto técnico redactado polo arquitecto Juan Pinto Tasende con data de visado do 04/09/2023, cun orzamento de execución material de 44.210,00 €, para a rehabilitación de cuberta da edificación principal, demolición de edificación auxiliar existente e construción de nova edificación auxiliar, no edificio sito na rúa de San Lourenzo, 48 Santiago de Compostela ( A Coruña).

**6. XESTIÓN URBANÍSTICA.** Referencia: **2022/00052614K.**

Autorización da recepción das obras de urbanización do polígono 40 do PXOM. A Rocha-Churruchao |

Acórdase autorizar a recepción das obras de urbanización do polígono 40 do PXOM executadas por PROMOCIONES ROX 98 S.L.

**7. CONTRATACIÓN.** Referencia: **2022/00004449C.**

Non resolución, ao abeiro do establecido no artigo 211.1 f) da LCSP, do contrato das obras de Execución do proxecto “Ampliación paso superior da Ruta da Prata sobre FF CC na Cañoteira-Outeiro de Marrozos (POS+2017)” e non incautación da garantía definitiva, constituída pola empresa ESTRUCTURAS TÉCNICAS Y SERVICIOS DE REHABILITACIÓN (ETYSER). |

Acórdase:

Primeiro: non resolver, ao abeiro do establecido no artigo 211.1 f) da LCSP, o contrato das obras de Execución do proxecto “Ampliación paso superior da Ruta da Prata sobre FF CC na Cañoteira-Outeiro de Marrozos (POS+2017)” asinado o 26/04/2222 con ESTRUCTURAS TÉCNICAS Y SERVICIOS DE REHABILITACIÓN.

Segundo: non incautar a garantía definitiva, constituída pola empresa ESTRUCTURAS TÉCNICAS Y SERVICIOS DE REHABILITACIÓN (ETYSER) por importe de 8.497,78 € mediante aval (núm. de operación 320220000429), sendo o avalista AVALMADRID S.G.R. para responder do contrato de Ampliación paso superior da Ruta da Prata sobre FF CC na Cañoteira-Outeiro de Marrozos (POS+2017).

Terceiro: notificar este acordo a ESTRUCTURAS TÉCNICAS Y SERVICIOS DE REHABILITACIÓN.

Cauarto: notificar este acordo a AVALMADRID S.G.R, en tanto que é avalista deste contrato.

**8. CONTRATACIÓN.** Referencia: **2023/00010012B.**

Corrección de erro no acordo da Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela do 04/12/2023, relativo a adxudicación da Subministración dunha rede de comunicacións dixitais para a operativa da policía local e protección civil do Concello de Santiago de Compostela. |

Acórdase:

Proceder á subsanación do erro advertido na proposta da Concellaría de Economía e Facenda, Persoal, Contratación e Modernización da Administración Local de data 13/11/2023, así como no acordo da Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela do 04/12/2023, relativo a adxudicación da Subministración dunha rede de comunicacións dixitais para a operativa da policía local e protección civil do Concello de Santiago de Compostela a NORTCONSULTING SOLUCIONES SL, no que se refire ao nº da aplicación orzamentaria, e en virtude do establecido no artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, procede a subsanación, tanto na proposta como no acordo, de xeito que:

**Onde di:**

<b>Aplicación orzamentaria</b>	<b>Importe</b>
<b>030 13200 6260000</b> Código de proxecto: 2022 2 INPOL 29 2 Inversións para a policía local	361.107,16 €

<b>060 13500 6260000</b> Código de proxecto: 2022 INPRO 30 1 Inversións para Protección Civil	29.843,57 €
--	-------------

**Debe dicir:**

<b>Aplicación orzamentaria</b>	<b>Importe</b>
<b>060 13200 6260000</b> Código de proxecto: 2022 2 INPOL 29 2 Inversións para a policía local	361.107,16 €
<b>070 13500 6260000</b> Código de proxecto: 2022 INPRO 30 1 Inversións para Protección Civil	29.843,57 €

**9. ASESORÍA XURÍDICA.** Referencia: **2024/00001075V.**

Tomar coñecemento da sentenza recaída no recurso de apelación 7101/2023 TSXG (PSS 25/2023 CA2) |

Sentenza nº 429/2023

Obxecto: suspensión da orde de paralización da instalación de rede de cable no ámbito do PE-1 e retirada do instalado.

A sentenza é favorable para o Concello, recorrible en casación.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da sentenza.
2. Dar traslado da mesma ao Servizo de Licenzas e disciplina urbanística para o seu coñecemento.
3. Agardar pola súa firmeza, para posteriormente comunicalo a dito Servizo para a súa execución. No caso de anunciarse recurso de casación, formalizar oposición ao mesmo.

**10. ASESORÍA XURÍDICA.** Referencia: **2023/00054116R.**

Tomar coñecemento da sentenza recaída no PA 102/2023 CA1 |

Sentenza nº 195/2023

Obxecto: multa 200€ e retirada de 4 puntos por non respectar a luz vermella.

A sentenza é favorable para o Concello, non recorrible en apelación.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da sentenza.
2. Remitir ao Servizo de Tráfico para o seu coñecemento.

**11. ASESORÍA XURÍDICA.** Referencia: **2022/00045823S.**

Tomar coñecemento da sentenza recaída no PA 377/2023 CA2 |

Resolución: sentenza nº 257/2023 do 28.11.2023

Procedemento: Procedemento Abreviado 377/2022 do Xulgado Contencioso Administrativo nº 2

Obxecto: Contra Decreto do 27.02.2022 desestimatorio de reclamación de danos causados en vehículo en estrada municipal.

A sentenza é favorable aos intereses municipais pois desestima o recurso.

Contra a sentenza non cabe recurso ningún.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da resolución xudicial

2. Remitir ao Departamento de Vicesecretaria para os efectos do seu coñecemento.

**12. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2024/00001064Y.**

Tomar coñecemento do Auto recaído na Entrada de Domicilio 176/2023 CA1 |

Auto nº 192/2023

Obxecto: autorización xudicial para entrada en domicilio para inspección dunhas obras.

O auto é favorable para o Concello, recorrible en apelación.

Contra esta resolución cabe interpoñer recurso de apelación. Non obstante, ao ser admisible nun único efecto (devolutivo a órgano superior), a súa interposición, no suposto de realizarse, non terá efecto suspensivo.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento do recurso.
2. Remitir ao Servizo de Licenzas e Disciplina para a súa execución.
3. Ordenar a dito servizo que, tan pronto sexa realizada a inspección, dea traslado da mesma á Asesoría Xurídica para a súa comunicación ao Xulgado.

**13. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2024/00001080E.**

Tomar coñecemento do auto recaído no PO 332/2022 ca1 |

Resolución: Auto 170/2023, do 21.11.2023, do Xulgado do Contencioso administrativo nº 1 de Santiago de Compostela

Procedemento: PO 332/2022

Obxecto: Contra resolución ditada no expediente de reposición á legalidade 2022/00007882 A.

Desistimento do recurso interposto contra o decreto 2022/6095 ditado o 25/05/2022 no expediente de reposición á legalidade 2022/00007882 A, referido a vivenda de uso turístico.

Contra esta resolución non cabe recurso ningún.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da resolución xudicial
2. Remitila ao Departamento de Disciplina e Licenzas para a súa constancia

**14. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2024/00001213V.**

Toma de coñecemento das resolucións da Alcaldía e das Concellerías Delegadas. |

Propónse tomar coñecemento das resolucións ditadas pola Alcaldía e das Concellerías Delegadas no período comprendido entre o 5 e o 11 de xaneiro de 2024.

## URXENCIAS

**15. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00022437R.**

**Substitución do responsable do contrato de “Servizo de recollida de lixos e limpeza viaria do Concello de Santiago de Compostela. LOTE I e LOTE II”**

Acórdase proceder a substitución de Berta Rial Guldrís, técnica de Medio Ambiente, por Pablo Martín Quinteiro, xefe de sección de Medio Ambiente, como responsable do contrato de “Servizo de recollida de lixos e limpeza viaria do Concello de Santiago de Compostela. LOTE I e LOTE II”, mantendo na súas funcións de responsable tamén a Mar Varela Fernández, inspectora técnica de Servizos.

**16. PLANEAMENTO. Referencia: 2023/00045193W.**

Aprobación inicial do Estudo de detalle para a accesibilidade de dous edificios de vivendas situados na travesa da Choupana, números 3 e 4.

Acórdase aprobar inicialmente o Estudo de detalle para a accesibilidade de dous edificios de vivendas situados na travesa da Choupana, números 3 e 4, elaborado polo arquitecto Jesús Carrillo Pena (CARQUITEC S.L.P) a iniciativa da Comunidade de Propietarios do Edificio núm. 4, segundo o proxecto presentado o 9 de novembro de 2023.

En aplicación do procedemento regulado polos artigos 80.2 da Lei 2/2016 do solo de Galicia e 194 do seu Regulamento, o estudo de detalle inicialmente aprobado someterase a información pública durante o prazo dun mes, mediante anuncios que para o efecto se publicarán no Diario Oficial de Galicia e nun xornal dos de maior circulación na provincia. Simultaneamente, practicarase notificación individual aos titulares catastrais das parcelas afectadas.

Durante o trámite de información pública solicitarase o informe da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural.

**17. XESTIÓN URBANÍSTICA. Referencia: 2024/00000891V.**

Solicitude de inicio do procedemento de avaliación ambiental estratéxica simplificada do Plan especial da parcela dotacional de servizos urbanos SU-4. Amio – Meixonfrío.

Acórdase:

**Primeiro.** Remitir á Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental a solicitude de inicio do procedemento de avaliación ambiental estratéxica simplificada do *Plan especial de infraestruturas e dotacións (PEID) do sistema xeral de servizos urbanos SU-4*, formulado de oficio polo Concello de Santiago.

A solicitude achegarase do *Documento ambiental estratéxico (DAE)* e do *Borrador* do plan elaborados pola arquitecta municipal en xaneiro de 2024.

**Segundo.** Solicitar do órgano ambiental que dea cumprimento aos trámites esixidos pola lexislación aplicable na materia (75.3 da LSG, 186.3 do seu Regulamento de desenvolvemento, e 30 e seguintes da LAA).